

REGULAMENTO LIGA PROVINCIAL PONTEVEDRA O NOSO CLUB



Deputación
Pontevedra



REGULAMENTO

LIGA PROVINCIAL

PONTEVEDRA-O NOSO CLUB

1.- ORGANIZACIÓN

A organización, supervisión e coordinación da LIGA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE **INFANTÍS**, ALEVÍNS, BENXAMÍNS e PRE-BENXAMÍNS, corresponde a Federación Galega de Piragüismo. A mesma actuará por medio dos seus Órganos Executivos e poderán actuar como co-organizadores os clubs dos lugares onde se celebren as regatas do presente programa.

En todas as regatas do programa disporanse medios necesarios para a realización das tarefas de control e salvamento (mínimo 4 embarcacións), sendo ambas totalmente independentes. Disporanse, tamén de embarcacións de salvamento, accesos a auga, indicando con sinalización as mesmas, así como unha sala de secretaría para a oficina, equipo arbitral e Comité de Competición.

2.- PARTICIPACIÓN

Por ser un programa PROVINCIAL, o mesmo estará aberto a todos os clubs da PROVINCIA DE PONTEVEDRA e a os padexeiros afiliados a os mesmos que cumpran cos requisitos de categorías e modalidades establecidos en cada unha das competicións puntuables.

Todos os padexeiros, para poder participar neste Programa, deberán estar en posesión da licenzia federativa actualizada para a Tempada 2026, así como levar as competicións o seu propio DNI xa que, en cal quer momento, pódelle ser requerido polos árbitros para a súa identificación se fose necesario.

3.- CATEGORÍAS

* Homes:

Infantil A..... nados no ano 2012

Infantil B..... nados no ano 2013



Deputación
Pontevedra



Alevín A nados no ano 2014
Alevín B nados no ano 2015
Benxamín A..... nados no ano 2016
Benxamín B..... nados no ano 2017
Pre-benxamín..... nados no 2018 en diante

* Mulleres:

Infantíl A..... nados no ano 2012
Infantil B..... nados no ano 2013
Alevín A nados no ano 2013
Alevín B nados no ano 2014
Benxamín A..... nados no ano 2015
Benxamín B..... nados no ano 2016
Pre-benxamín..... nados no 2016 en diante

Ningún deportista poderá participar noutra categoría que non sexa a correspondente o seu ano de nacemento, agás nas competicións de embarcacións de equipo:

Os infantís B poderán competir na súa categoría ou cos infantís A

Os alevíns B poderán competir na súa categoría ou cos alevíns A, e os prebenxamíns poderán competir na súa categoría ou como benxamín.

Asimesmo, de cara a fomentar a participación nestas idades, permitiranse facer embarcacións mixtas (neno e nena), competindo na categoría masculina.

Os deportistas só poderán participar nunha categoría e modalidade nunha mesma competición.

4.- **COMPETICIÓNS PUNTUABLES**

Son competicións puntuables desta LIGA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE **INFANTÍS**, **ALEVÍNS**, **BENXAMÍNS** e **PRE-BENXAMÍN**, as que figuren como tales no calendario da F.G.P. da tempada 2026.

5.- **MODALIDADES**

No presente programa establécense as modalidades seguintes:

***INFANTIL A :** homes caiac
mulleres caiac
homes canoa
mulleres canoa



Deputación
Pontevedra



- *INFANTIL B :
 - homes caiac
 - mulleres caiac
 - homes canoa
 - mulleres canoa

- * ALEVÍN A:
 - homes caiac
 - mulleres caiac
 - homes canoa
 - mulleres canoa

- * ALEVÍN B:
 - homes caiac
 - mulleres caiac

- * BENXAMÍN A:
 - homes caiac
 - mulleres caiac

- *BENXAMÍN B:
 - homes caiac
 - mulleres caiac

- * PRE-BENXAMÍN
 - homes caiac
 - mulleres caiac

6.- EMBARCACIÓNS

As regatas realizaranse en embarcacións:

Infantís: K1, K2, K4, C1, C2, C4

Alevíns A: K1, K2, C1 e C2

Alevín B, benxamín A e B, prebenxamín: individuais K-1, podendo disputar unha competición en K-2.

Tódalas embarcacións deberán levar obrigatoriamente os sistemas de flotación establecidos nos regulamentos.

7.- PUNTUACIÓNS INDIVIDUAIS

Infantil "A", Infantil "B", Alevín "A", Alevín "B", Benxamín e Pre-benxamín: 1º 230 puntos, 2º 227, 3º 224, 4º 222, 5º 221,..... etc.



Deputación
Pontevedra



8.- PUNTUACIÓNS POR EQUIPOS

A nivel de clubs, coa suma dos puntos alcanzados por cada un dos padexeiros, como xa se sinala en artigos precedentes, establecece un ranking clasificatorio de cada regata outorgándolle os clubs as puntuacións seguintes:

1º Clasif. 70 puntos, 2º clasif.... 67, 3º clasif. ... 65, 4º clasif. 64, 5º clas....63, e así sucesivamente.

Todos aqueles clubs que tendo participado nunha competición non obtiveran puntuación algunha por calquera dos seus deportistas, asignaráselle (a efectos da Copa Provincial) a puntuación do último clasificado por clubs menos 5 puntos **sempre en cando algún dos seus deportistas entren en meta.**

Todas as competicións da Liga son puntuables para a clasificación xeral final. Tódolos clubs que non participen nunha competición recibirán 0 puntos.

9.- PREMIOS EN CADA COMPETICIÓN

En cada regata puntuable establécense os premios seguintes:

- * A NIVEL DE EQUIPOS.- Trofeo os tres (3) primeiros clasificados
- * A NIVEL INDIVIDUAL.- Medalla, Placa ou Trofeo para os tres primeiros (3) clasificados en cada unha das modalidades e categorías do regulamento.

10.- CAMPIÓNS

Será proclamado **Campión**, a nivel de clubs, o que maior número de puntos alcance sumando os obtidos por el mesmo na SUMA das regatas do programa tendo en conta que o que non participe nalgunha de elas obterá 0 puntos.

11.- DISTRIBUCIÓN DE PREMIOS A CLUBS

Na presente Liga Provincial Pontevedra-Depoescolas para Alevíns, Benxamíns e Prebenxamíns existirán unhas axudas económicas para os clubs participantes na mesma.

Os clubs participantes terán unha axuda dividida en dous apartados:

- *Unha aportación fixa pola posta en marcha das Depoescolas e a súa participación Liga Provincial Pontevedra-Depoescolas de 576,92 €por club.*



- *Unha aportación en base a participación e asistencia nas diferentes competicións que compoñen a Liga e os deportistas que entren en control; con unha cuantía total de 14.000 € (7.000€ por participación e 7.000€ por resultados).*

12.- DESEMPATE POR EQUIPOS

Resolverase a favor do club que mellor resultado acade na derradeira competición desta LIGA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE ALEVÍNS, BENXAMÍNS e PRE-BENXAMÍN, de continuar, a favor do que mellor resultado acade na penúltima regata puntuable, e de seguir, do que maior número de mellores postos obteña.

13.- PECHES DE CONTROL

Non existiran peches de control nas categorías participantes na presente Liga.

14.- DISTANCIAS

Distancia para as categorías infantís: 3.000 m.

No resto das categorías as regatas faranse nun circuíto establecido entre balizas coa correspondente ciaboga, e a distancia a percorrer será de 1.500 metros aproximadamente.

15.- CHALECO

A LIGA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE INFANTÍS, ALEVÍNS, BENXAMÍNS e PRE-BENXAMÍN 2025, por ser un programa exclusivo de promoción, a Dirección Técnica da F.G.P., cree que a seguridade dos deportistas e primordial, polo que os mesmos deberán utilizar o **CHALECO FLOTADOR** de forma **obrigatoria**.

O chaleco considerase imprescindible para poder participar nas regatas de esta Liga, a todos seus niveis, deben portalo debaixo do dorsal e reuni-las condicións de flotabilidade establecidas pola C.E.

Si se detectase, por parte dos árbitros, que algún deportista achegase a competir cun chaleco roto ou deteriorado non se lles permitirá tomar a saída na competición.

16.- OUTRAS NORMAS

Para todas aquelas normas que non se atopen estipuladas no presente regulamento, nin no regulamento específico de cada regata puntuable en cada Liga, rexirase pola

normativa do Regulamento Xeral das Ligas Galegas da Federación Galega de Piragüismo e do Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Real F.E.P. e polo Regulamento Nacional da especialidade correspondente e do Regulamento de Disciplina e Estatutos da F.G.P.

Para poder competir, os padexeiros e clubs, deberán estar en posesión da licenza federativa debidamente actualizada para la Tempada 2026.

Só poderán competir neste programa infantís, alevíns, benxamíns e pre-benxamín, e dicir, os padexeiros nados a partires do ano **2012**.

A F.G.P. non se fará responsable dos danos que poderán causarse en embarcacións e demais material dos participantes, tanto no transcurso da competición como no transporte a mesma.

Recordase a obrigatoriedade do uso do chaleco flotador para tódolos padexeiros e sistemas de flotación nas embarcacións participantes.

No caso de ocorrencia de accidente dun padexeiro que esté competindo sen estar inscrito, o equipo arbitral e o comité de competición estarán exentos de toda responsabilidade.


17.- INFORMACIÓN

Para maior información desta Liga Provincial de Pontevedra de de Alevíns, Benxamíns e Prebenxamíns, os interesados poderán dirixirse a Federación Galega de Piragüismo r/ Gabián, s/nº- Verducido, 36151 (Pontevedra), Tfno de contacto: 986842106 E e-mail: kayak-canoa@fegapi.org e a páxina web www.fegapi.org

Vº Bº

PRESIDENTE

O SECRETARIO



Deputación
Pontevedra

